



V REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE DE ZONA  
6 MAIO 2005

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 1  
"O tío Che"

O tío Che da Corredoira era un home moi ocorrente e gustáballe moito xogar cos rapaces: poñíalles adiviñas, facíalles xogos de sempre e contáballes contos.

O outro día, cando estaban sentados á sombra no Campo da Feira, cun anaco de tella debuxoulles no chan da pista o seguinte enreixado:

	1B			4A	5F		7B	8A
A			3C		5I	6H		8G
	1C	2D	3E			6C	7L	
<b>4</b>	<b>25</b>	<b>22</b>	<b>74</b>	<b>44</b>	<b>107</b>	<b>128</b>	<b>148</b>	<b>171</b>

O tío Che díxolles: Substituíde cada letra por unha cifra distinta, de xeito que a suma de cada columna sexa correcta.


V REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE DE ZONA  
6 MAIO 2005

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 2  
"Un regaliño ben envolto"

Polo cumpreanos de miña avoa Carmucha, os seus netos fixémoslle un regaliño. Metémolo nunha caixiña de 50 cm de longo, 20 cm de ancho e 10 cm de alto. Preparámolo para enviar por correo, embalado con cinta adhesiva, tal e como se ve no debuxo.

¿Que cantidade de cinta utilizamos?



V REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE DE ZONA  
6 MAIO 2005

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 3

"Adiviña quen é cada quen"

Sete compañeiros e compañeiras de 6º dun colexio da Coruña intercambiaban correspondencia co alumnado doutro colexio de Villarrobledo (por terras de La Mancha).

E non se lles ocorríu mellor cousa que mandarles nun folio as súas fotos, tal e como aquí figuran, para que adiviñaran os seus nomes:

- A altura de Antón en metros é un número que ten as mesmas cifras que a de Carmela, pero cambiando a cifra das décimas pola das centésimas, sendo Carmela máis alta.
- A María fáltnlle tres centésimas para medir 1,50 m.
- O número que representa en metros a altura de Uxía ten unha centésima menos que o que representa a de Carmela.
- Xan mide un metro, cinco decímetros e nove centímetros.
- A Brais, o máis alto, fáltnlle tres centésimas para que a súa altura en metros sexa representada polo número 1,70.
- A altura de Sabela é un número no que a cifra das décimas é igual á das centésimas.



Mido 1,65 m e  
chámome  
\_\_\_\_\_



Mido 1,47 m e  
chámome  
\_\_\_\_\_




Mido 1,67 m e  
chámome  
\_\_\_\_\_



Mido 1,66 m e  
chámome  
\_\_\_\_\_



Mido 1,64 m e  
chámome  
\_\_\_\_\_



Mido 1,56 m e chámome  
\_\_\_\_\_

Mido 1,59 m e  
chámome  
\_\_\_\_\_




V REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE DE ZONA  
6 MAIO 2005

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 4  
"O tangram de Alicia"

Este tangram, procedente de Bergondo e que aquí che presentamos, ten 13 pezas coas que, como ves, se pode formar un cadrado.



- a) ¿Que fracción da área do cadrado grande representa cada unha das pezas que o forman?
- Rectángulo:  $R =$
  - Triángulo grande:  $T_g =$
  - Triángulo pequeno:  $T_p =$
  - Cadrado:  $C =$

b) Tendo en conta as relacións que hai entre as pezas, completa a táboa:

	Rectángulo	Triángulo grande	Triángulo pequeno	Cadrado
Rectángulo	1			
Triángulo grande				
Triángulo pequeno	1/4			
Cadrado				

c) Comproba que a suma das áreas das 13 pezas é igual á unidade.




V REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE DE ZONA  
6 MAIO 2005

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)


ACTIVIDADE Nº 5

"Forma xeométricas *made in Barreiros*"

Debuxade estas catro figuras na trama triangular que tedes ó lado.







a) b) c) d)






¿Podedes dicir cal é o nome de cada unha delas?

a) ..... b) ..... c) ..... d) .....



Fixádevos ben e relacionade con precisión:



a) ¿Cantos  hai en  ? \_\_\_\_\_ ¿E en  ? \_\_\_\_\_ ¿E en  ? \_\_\_\_\_



b) ¿Cantos  hai en  ? \_\_\_\_\_



c) ¿Cantos  hai en  ? \_\_\_\_\_ ¿E en  ? \_\_\_\_\_

Baseándoos nas relacións establecidas, responde:

d) Se  = 1  $\Rightarrow$   = .....

e) Se  = 1  $\Rightarrow$   = .....

f) Se  = 1  $\Rightarrow$   = .....

g) Se  = 1  $\Rightarrow$   = .....



## V REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO

FASE DE ZONA

6 MAIO 2005

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)

## ACTIVIDADE Nº 6

## "Os números que atopei"

Ramiro e Inés xogan cos números de plástico que lles regalaron. Só conservan estes seis: 1, 2, 3, 4, 5 e 6.

Ramiro propón formar con eles dúas cantidades de tres cifras (as tres distintas, claro) e restalas de xeito que o resultado sexa a cantidade máis grande posible.

Inés tamén fai a súa proposta: formar cos números de plástico dúas cantidades de tres cifras distintas, de maneira que ó restalas o resultado sexa a cantidade máis pequena posible.

Tentade resolver o problema nos dous casos.

